

# INFORME SOBRE OS CURSOS DE FORMACIÓN (CI2 E CIcD) IMPARTIDOS NA FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAS DA USC NO PERÍODO 2012-2017



---

1. <b>Introdución</b> .....	1
2. <b>Descrición dos cursos CI</b> .....	5
3. <b>Integración da formación en CI nas titulacións de Grao</b> .....	13
4. <b>Presentación de resultados</b> .....	14
4.1. <b>Nivel básico</b> .....	14
4.2. <b>Nivel avanzado</b> .....	21
4.3. <b>Nivel experto</b> .....	28
5. <b>Conclusións</b> .....	31
5.1. <b>Consideracións dos bibliotecarios formadores</b> .....	33

## INFORME SOBRE OS CURSOS DE FORMACIÓN (CI2 E CIcD) IMPARTIDOS NA FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAS DA USC NO PERÍODO 2012-2017

### 1. Introducción

O aumento exponencial da información científica dende mediados do século XX, o desenvolvemento das TIC, o novo paradigma de ensino-aprendizaxe resultado da integración no EEES, a implantación dunha cultura da calidade e de mellora continua, unha sociedade cambiante que require dunha aprendizaxe permanente ao longo de toda a vida... esixen dotar a estudantes e persoal investigador de ferramentas que lles axuden a transformar a información en coñecemento. Parte desas ferramentas son as **Competencias en Información (CI)**.

As CI son o conxunto de coñecementos, habilidades, actitudes e conductas que capacitan aos individuos para recoñecer cando necesitan información, onde localizala, como avaliar a súa idoneidade e como darlle o uso adecuado de acordo ao problema que se lles presente. (Association of College & Research Libraries, ACRL).

A Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as **competencias chave** para a aprendizaxe permanente (Diario Oficial L 394 de 30.12.2006A) inclúe as CI dentro da *competencia dixital*, definindo esta como unha das oito competencias chave que todo estudante debe ter desenvolto ao rematar o ensino para poder incorporarse á vida profesional de maneira satisfactoria e ser quen de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

***O significado do saber cambiou de ser capaz de recordar e repetir información a ser capaz de atopala e usala***  
(Herbert Simon, premio Nobel de Economía 1978)

En España, o [Libro Branco da ANECA sobre o Título do Grao de Economía e Empresa](#), para a súa adaptación ao EEES, no punto 7 *Competencias requiridas* [...] inclúe entre as máis valoradas por graduados, profesionais, empresas e profesores, as relativas á “*capacidade para resolución de problemas*”, a “*capacidade de análise e síntese*” e a “*habilidade para analizar e buscar información proveniente de fontes diversas*” (p. 197-198). Nas seguintes táboas vemos a orde de importancia asignada a cada competencia segundo o perfil:

**GRADUADOS (p. 233):**

Competencia	ESTUDIOS Y PLANIFICACIÓN	FISCALIDAD	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	ORGANISMOS INTERNACIONALES	COMERCIO EXTERIOR	DIRECCIÓN DE EMPRESAS	SISTEMA FINANCIERO	CONSULTORÍA ECONÓMICA	DOCENCIA E INVESTIGACIÓN	Teoría general	Ranking
01. Capacidad de análisis y síntesis	3,23	2,88	2,87	3,03	2,74	3,22	3,12	3,36	3,39	3,09	3
02. Capacidad de organización y planificación	3,25	2,91	2,97	3,00	3,06	3,33	2,97	3,32	3,34	3,13	2
03. Comunicación oral y escrita en la lengua nativa	3,09	2,70	3,06	3,03	2,91	3,00	2,82	3,12	3,31	3,00	6
04. Comunicación oral y escrita de una lengua extranjera	2,47	2,12	2,34	2,97	2,88	2,52	2,29	2,59	2,78	2,55	8
05. Conocimientos de informática relativos al ámbito de estudio	2,84	2,64	2,66	2,75	2,81	2,88	2,88	3,03	3,09	2,84	7
06. Habilidad para analizar y buscar información proveniente de fuentes diversas	3,34	3,12	3,13	3,25	3,06	3,12	3,06	3,47	3,50	3,23	1
07. Capacidad para la resolución de problemas	3,13	2,97	2,91	2,97	3,00	3,30	3,12	3,21	3,13	3,08	4
08. Capacidad de tomar decisiones	3,13	2,88	2,91	2,94	3,03	3,39	3,09	3,21	2,93	3,04	5
Total competencias genéricas instrumentales	3,06	2,78	2,85	2,99	2,94	3,10	2,92	3,16	3,18	3,00	
Ranking	4	9	8	5	6	3	7	2	1		

**EMPREGADORES (p. 276):**

Competencia	ESTUDIOS Y PLANIFICACIÓN	FISCALIDAD	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	ORGANISMOS INTERNACIONALES	COMERCIO EXTERIOR	DIRECCIÓN DE EMPRESAS	SISTEMA FINANCIERO	CONSULTORÍA ECONÓMICA	DOCENCIA E INVESTIGACIÓN	Teoría general	Ranking
01. Capacidad de análisis y síntesis	3,59	3,04	2,71	3,14	3,00	3,61	3,25	3,64	3,54	3,28	2
02. Capacidad de organización y planificación	3,70	3,00	2,93	3,03	3,10	3,76	3,14	3,24	3,17	3,23	3
03. Comunicación oral y escrita en la lengua nativa	3,00	2,69	2,90	2,93	2,97	3,21	2,93	3,17	3,31	3,01	7
04. Comunicación oral y escrita de una lengua extranjera	2,73	2,17	2,34	3,59	3,67	2,90	2,76	2,90	3,07	2,90	8
05. Conocimientos de informática relativos al ámbito de estudio	3,17	2,93	2,90	2,90	3,00	3,17	3,31	3,17	3,17	3,08	6
06. Habilidad para analizar y buscar información proveniente de fuentes diversas	3,80	3,03	2,86	3,41	3,40	3,17	3,10	3,52	3,76	3,34	1
07. Capacidad para la resolución de problemas	3,20	3,00	2,83	3,03	3,20	3,66	3,10	3,41	2,97	3,16	4
08. Capacidad de tomar decisiones	2,87	2,90	2,90	3,17	3,13	3,86	3,14	3,03		3,13	5
Total competencias genéricas instrumentales	3,26	2,84	2,80	3,15	3,18	3,42	3,09	3,26	3,28	3,14	
Ranking	4	8	9	6	5	1	7	3	2		

PROFESORES (p. 298):

Competencia	ESTUDIOS Y PLANIFICACIÓN	FISCALIDAD	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	ORGANISMOS INTERNACIONALES	COMERCIO EXTERIOR	DIRECCIÓN DE EMPRESAS	SISTEMA FINANCIERO	CONSULTORÍA ECONÓMICA	DOCENCIA E INVESTIGACIÓN	Teoría general	Ranking
01. Capacidad de análisis y síntesis	3,45	3,68	2,89	3,21	3,21	3,54	3,00	3,29	3,11	3,15	2
02. Capacidad de organización y planificación	3,41	2,46	2,68	3,25	3,00	3,41	2,54	3,11	3,24	3,01	5
03. Comunicación oral y escrita en la lengua nativa	2,55	2,14	2,28	3,90	3,80	3,07	2,82	2,79	3,07	2,93	6
04. Comunicación oral y escrita de una lengua extranjera	2,93	2,72	2,97	3,21	3,33	3,66	2,72	3,03	3,00	3,06	4
05. Conocimientos de informática relativos al ámbito de estudio	2,76	2,14	2,38	3,76	3,63	3,24	2,46	2,79	2,86	2,89	8
06. Habilidad para analizar y buscar información proveniente de fuentes diversas	3,34	2,75	2,82	3,00	3,00	3,71	2,96	3,21	3,54	3,15	3
07. Capacidad para la resolución de problemas	3,23	3,24	3,38	3,28	3,20	3,45	3,24	3,38	3,33	3,30	1
08. Capacidad de tomar decisiones	2,66	2,79	2,41	2,86	3,07	3,66	2,86	3,14	2,76	2,91	7
Total competencias genéricas instrumentales	3,04	2,62	2,73	3,31	3,28	3,47	2,83	3,09	3,11	3,05	
Ranking	6	9	8	2	3	1	7	5	4		

Todas estas habilidades están recollidas nas **Memorias dos graos de [Economía](#) e de [Administración e Dirección de Empresas](#) da USC**, (actualizadas o 14/11/2013).

No ano 2014, **Rebiun**, -Comisión Sectorial da CRUE-, elaborou o documento “[Definición de Competencias en Información \(CI\)](#)”, como instrumento de referencia para o desenvolvemento de cursos de formación sobre CI nas bibliotecas universitarias españolas. O documento estrutura as CI en cinco competencias básicas:

**CINFO1 - Buscar información:** Recoñecer unha necesidade de información, coñecer os recursos nos que esta información se pode localizar e realizar estratexias de busca de maneira eficaz e eficiente.

**CINFO2 - Avaliar a información:** Avaliar a información e as súas fontes de forma crítica e incorporar a información seleccionada á súa propia base de coñecemento e o seu sistema de valores.

**CINFO3 - Organizar e xestionar a información eficazmente:** Organizar e xestionar eficazmente a información reunida.

**CINFO4 - Usar, publicar e difundir a información respectando as normas éticas e legais:** Usar a información e publicar e difundir o novo coñecemento xerado respectando a lexislación e normas éticas aplicables.

**CINFO5 - Manterse ao día e compartir información en rede:** Coñecer e utilizar os diferentes servizos de actualización de información científica ou especializada e compartir información usando as ferramentas de traballo en rede de forma cívica e segura.

A través do seu [Plan estratéxico 2011-2020](#) a USC establece o **obxectivo** de potenciar a orientación dos servizos académicos cara á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe, para o que determina, entre as súas **actuacións estratéxicas**, a de *converter a BUSC nun “centro de recursos para a docencia, a aprendizaxe e a investigación”* (p. 35), coa finalidade de facilitar o proceso de adaptación ao EEES e aos cambios derivados da importancia crecente da actividade investigadora para á mellora do tecido económico e do progreso social.

Así, no **artigo 149.1** dos novos [Estatutos da USC](#) (2014) defínese a Biblioteca Universitaria (BUSC) como *“unha unidade funcional concibida como un centro de recursos para a docencia, a investigación, o estudo e a aprendizaxe, así como para todas aquelas actividades relacionadas co funcionamento e a xestión da Universidade. Como servizo básico ten a misión de facilitar o acceso e a difusión dos recursos de información e colaborar nos procesos de creación de coñecemento, co fin de contribuír á consecución dos obxectivos institucionais da Universidade.”*

A **Biblioteca Universitaria** recolle o mandato da USC e no seu propio [Plan Estratéxico 2011-2014](#) presenta a súa **visión** como *“centro activo de recursos onde a comunidade universitaria atope a resposta acaída ás súas necesidades para a aprendizaxe, a docencia, a investigación e a formación continua”* (p. 9). Como **obxectivo estratéxico** inclúe o de *“contribuír á adquisición de competencias informacionais na comunidade Universitaria: a BUSC axudará aos seus usuarios a desenvolver e potenciar as competencias informacionais necesarias hoxe en día para poder xestionar de xeito eficaz a grande cantidade de información técnica e científica dispoñible”*.

Pola súa banda, a **Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC** aprobou, na Xunta de Facultade do 20 de outubro de 2016, o [Plan Estratéxico 2016-2020](#), no que se inclúen as seguintes **accións estratéxicas**, enmarcadas nos obxectivos correspondentes:

- **Obxectivo 2 “Contribuír á formación integral do alumnado”**
  - **Acción estratéxica 2.6.** *Implementación gradual das competencias informacionais nos estudos de Grao mediante a inclusión na guía docente das accións formativas desenvolvidas pola Biblioteca Universitaria e adaptadas ás necesidades específicas dos alumnos e ás demandas do tecido empresarial.*

- **Obxectivo 5 “Mellorar a excelencia do PDI en docencia e investigación”**
  - **Acción estratéxica 5.2.** *Impulsar accións formativas axeitadas ás carencias detectadas. En especial, impulsar a colaboración coa Biblioteca Universitaria para solicitar deste servizo unha formación específica en competencias informacionais/dixitais dirixida a este colectivo.*

Neste marco da misión da BUSC na USC e en liña cos citados plans estratéxicos, desenvólvense os cursos de formación en competencias informacionais que a continuación se describen.

## 2. Descrición dos cursos

En xuño de 2010, as bibliotecas das universidades de La Laguna, Santiago de Compostela, Zaragoza e Alicante comezaron a traballar xuntas no desenvolvemento e aplicación dun modelo de formación en competencias informacionais para o **alumnado de primeiro curso de grao** das súas respectivas universidades, no marco dun proxecto chamado [UniCI2](#).

O modelo tiña como base o curso desenvolvido pola biblioteca da Universidade de La Laguna, apostando pola integración da actividade -na modalidade de ensino virtual- en materias de primeiro curso de cada titulación. Apóstase, tamén pola mellora continua, para o cal, desenvolveuse un sistema de avaliación conxunto partindo de **indicadores comúns** para a comparación de resultados.

A BUSC realiza a formación en CI no marco deste modelo desde o curso 2012-2013, aínda que se foi adaptando aos cambios impostos pola evolución dos sistemas, recursos e tecnoloxías da información e da propia ensinanza universitaria.

Doutra banda, a alta demanda desta formación para cursos máis avanzados e dirixida especialmente á **elaboración dos Traballos de Fin de Grao e Máster**, fixo que a BUSC designara un *Grupo de Traballo de Formación en CI* para, ademais de actualizar os contidos e deseño do curso básico, elaborara un curso de nivel avanzado, capaz de dar soporte a estas necesidades.

Na actualidade este Grupo de Traballo encárgase de desenvolver os cursos de nivel básico e avanzado e da preparación dun novo curso a nivel de especialización, dirixido ao persoal investigador e doutorandos, e que se pretende lanzar no presente curso 2017-2018.

A **Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais** ofrece actualmente -e desde o curso académico 2014/2015 - estes tres niveis de formación, mais o último só baixo demanda do profesorado do Máster DEIN e do Programa de Doutoramento en Economía e Empresa e dirixido, exclusivamente, ao seu alumnado.

Presentamos a continuación unha táboa-resumo das principais características dos distintos niveis formativos en CI no noso centro:

NIVEL BÁSICO	Materiais a revisar	Actividades	Dificultade	Descrición
<b>Inscripción no curso</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descrición do curso</li> <li>- Guía de traballo para o estudante</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Benvida: Foro de novas</li> <li>✓ Participación no foro de dúbidas e suxestións</li> </ul>	✓ Baixa	<p>A través do <b>Foro de novas</b> damos a benvida e contactamos co alumnado para avisar das vindeiras actividades do curso.</p> <p>No <b>Foro de dúbidas</b> poden deixar as consultas e suxestións, e responder ás dos compañeiros.</p>
<b>Actividades iniciais</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Test de coñecementos previos <b>(obrigatorio)</b></li> <li>✓ Enquisa inicial <b>(obrigatoria)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Baixa</li> <li>✓ Media</li> </ul>	Estas <b>actividades</b> servirán para determinar o punto de partida do alumnado, que é o que xa saben e en que medida o curso se adapta ás súas necesidades
<b>MÓDULO 1</b> Que necesito aprender e para que	1.1 As competencias en información (CICD) 1.2 Xestión do tempo	✓ Test 1 <b>(obrigatorio)</b>	✓ Baixa	O <b>obxectivo</b> deste módulo é que o alumnado sexa capaz de recoñecer a importancia que ten a adquisición de <b>competencias informacionais/dixitais</b> e de <b>xestionar o tempo</b> de estudio e traballo.
<b>MÓDULO 2</b> A BUSC e as ferramentas TIC da USC	2.1 Coñecendo a biblioteca universitaria (BUSC) 2.2 Recursos TIC da USC á túa medida	✓ Test 2 <b>(obrigatorio)</b>	✓ Media	O <b>obxectivo</b> deste módulo é que afonden no seu coñecemento dos <b>recursos de información</b> e dos <b>servizos</b> que a <b>USC</b> pon á súa disposición, a través da web da BUSC e das TIC.

<p><b>MÓDULO 3</b></p> <p>Buscar e avaliar a información</p>	<p>3.1 As fontes de información 3.2 O proceso de busca e avaliación da información 3.3 Buscar na web da BUSC 3.4 Buscar en internet</p>	<p>✓ Test 3.1 <b>(obrigatorio)</b></p> <p>✓ Test 3.2 <b>(obrigatorio)</b></p>	<p>✓ Baixa ✓ Media</p>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é que recoñezan os distintos tipos de <b>fontes de información</b> e que adquiren a competencia para <b>avaliar</b> a información atopada.</p> <p>Trátase de que comprendan a importancia de planificar correctamente unha <b>busca</b> e, especialmente, que aprendan a buscar no catálogo da BUSC, nas bases de datos e na Internet.</p>
<p><b>MÓDULO 4</b></p> <p>Tratar a información. Como se fai un traballo académico</p>	<p>4.1 Planeamento dun traballo académico 4.2 Estrutura e organización do traballo académico 4.3 Citar a información e redactar referencias. Estilo APA 4.4 Inserir citas nun texto de Word</p>	<p>✓ Test 4 <b>(obrigatorio)</b></p> <p>✓ Participación no foro temático</p>	<p>✓ Media/Alta ✓ Media</p>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é que o alumnado sexa capaz de elaborar traballos de clase segundo a <b>metodoloxía</b> propia da Universidade, e que comprendan a importancia de facer un uso responsable, ético e legal da información que se utiliza, <b>citando</b> e <b>redactando as referencias</b>.</p> <p>O <b>foro temático</b> será o espazo de comunicación e participación.</p>
<p><b>MÓDULO 5</b></p> <p>Comunicar e difundir a información</p>	<p>5.1 Comunicación académica. A presentación do traballo 5.2 Compartir a información. A web social. Identidade dixital. O acceso aberto</p>	<p>✓ Test 5 <b>(obrigatorio)</b></p>	<p>✓ Baixa</p>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é coñecer as principais ferramentas para <b>presentar traballos académicos</b> e aprender a <b>difundir e compartir información</b> a través de redes sociais, xestionando correctamente a <b>identidade dixital</b> e salvagardando a intimidade. Dáselles a coñecer o movemento de <b>acceso aberto</b> á información.</p>
<p><b>Actividades finais</b></p>		<p>✓ Test final <b>(obrigatorio)</b></p> <p>✓ Enquisa de satisfacción <b>(obrigatoria)</b></p>	<p>✓ Media ✓ Baixa</p>	<p>O <b>test final</b> avalía os coñecementos que foron adquirindo ao longo do curso.</p> <p>O obxectivo da <b>Enquisa de satisfacción</b> é coñecer o grao de satisfacción co curso. É totalmente <b>anónima</b> e axuda a coñecer as necesidades reais do alumnado.</p>

NIVEL AVANZADO	Materiais a revisar	Actividades	Dificultade	Descrición
Inscrición no curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descrición do curso</li> <li>- Guía de traballo para o estudante</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Benvida: Foro de novas</li> <li>✓ Participación no foro de dúbidas e suxestións</li> </ul>	✓ Baixa	<p>A través do <b>Foro de novas</b> damos a benvida e lanzamos avisos das vindeiras actividades do curso.</p> <p>No <b>Foro de dúbidas</b> o alumnado pode deixar as consultas e suxestións que queira e responder ás dos compañeiros.</p>
Actividades iniciais		<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Test de coñecementos previos (<b>obligatorio</b>)</li> <li>✓ Enquisa inicial (<b>obligatoria</b>)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Baixa</li> <li>✓ Media</li> </ul>	Estas <b>actividades</b> servirán para determinar o punto de partida, que é o que xa saben e en que medida o curso se adapta ás súas necesidades
<b>MÓDULO 1</b>  Que necesito aprender e para que	1.2 As competencias en información (ClcD)  1.2 Xestión do tempo	✓ Test 1 ( <b>obligatorio</b> )	✓ Baixa	O <b>obxectivo</b> deste módulo é que o alumnado recoñeza a importancia que ten a adquisición de <b>competencias informacionais/dixitais</b> e a <b>xestión do tempo</b> de estudo e traballo, de cara á elaboración do TFG/TFM.
<b>MÓDULO 2</b>  A BUSC e as ferramentas TIC da USC	2.1 Coñecendo a biblioteca universitaria (BUSC)  2.2 Recursos TIC da USC á túa medida	✓ Test 2 ( <b>obligatorio</b> )	✓ Media	O <b>obxectivo</b> deste módulo é afondar no coñecemento dos <b>recursos de información</b> e dos <b>servizos</b> que a <b>USC</b> pon á disposición da comunidade universitaria, a través da web da BUSC e das TIC.
<b>MÓDULO 3</b>  Buscar información	3.1 As fontes de información 3.2 O proceso de busca de información 3.3 Buscar na web da BUSC 3.4 Buscar en internet	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Test 3.1 (<b>obligatorio</b>)</li> <li>✓ Test 3.2 (<b>obligatorio</b>)</li> </ul>	✓ Media/Alta	O <b>obxectivo</b> deste módulo é que recoñezan os distintos tipos de <b>fontes de información</b> e comprendan a importancia de planificar correctamente unha <b>busca</b> . Tamén que coñezan as ferramentas para localizar información pertinente no catálogo da BUSC, nas bases de datos e na Internet, a un nivel avanzado, orientado ao TFG/TFM.

<p><b>MÓDULO 4</b></p> <p>Avaliar e organizar a información</p>	<p>4.1 Avaliar a información 4.2 Organizar a información</p>	<p>✓ Test 4 (<b>obligatorio</b>)</p>	<p>✓ Media</p>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é que adquiren a competencia para <b>avaliar</b> a información atopada e <b>seleccionar</b> a que mellor se adecúe ás súas necesidades de cara ao TFG/TFM. Axudámoslles a <b>organizar</b> a información e a <b>xestionala</b> coa axuda das ferramentas informáticas existentes.</p>
<p><b>MÓDULO 5</b></p> <p>Tratar a información. O TFG</p>	<p>5.1 Tratar a información 5.2 Como se fai un traballo fin de Grao</p>	<p>✓ Test 5 (<b>obligatorio</b>) ✓ Participación no foro temático</p>	<p>✓ Media</p>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é que sexan capaces de elaborar o seu TFG/TFM segundo a <b>metodoloxía científica</b> propia da Universidade, e que comprendan a importancia de facer un uso responsable, ético e legal da información que se utiliza, <b>citando</b> e <b>redactando as referencias</b>.  No <b>foro temático</b> falamos sobre o <b>plaxio</b>.</p>
<p><b>MÓDULO 6</b></p> <p>Comunicar e difundir a información</p>	<p>6.1 Comunicar a información 6.2 Difundir a información</p>	<p>✓ Test 6 (<b>obligatorio</b>)</p>	<p>✓ Baixa</p>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é que coñezan as principais ferramentas para <b>presentar traballos académicos</b> e que aprendan a <b>difundir e compartir información</b> a través de redes sociais, xestionando correctamente a súa <b>identidade dixital</b> e salvagardando á súa intimidade. Afondamos na cuestión do <b>acceso aberto</b> á información científica.</p>
<p><b>Actividades finais</b></p>		<p>✓ Test final (<b>obligatorio</b>) ✓ Enquisa de satisfacción (<b>obligatoria</b>)</p>	<p>✓ Media ✓ Baixa</p>	<p>O <b>test final</b> avalía os coñecementos adquiridos ao longo deste curso.  O obxectivo da <b>Enquisa de satisfacción</b> é coñecer o seu grao de satisfacción co curso. É totalmente <b>anónima</b> e nos axuda a coñecer as súas necesidades reais.</p>

NIVEL EXPERTO	Materiais a revisar	Actividades	Dificultade	Descrición
<b>Inscrición no curso</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos de interese</li> <li>- Descrición do curso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Benvida: Foro de novas</li> <li>✓ Participación no foro de dúbidas e suxestións</li> <li>✓ Escolle o teu grupo <b>(obrigatorio)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Baixa</li> <li>✓ Baixa</li> <li>✓ Baixa</li> </ul>	<p>A través do <b>Foro de novas</b> damos a benvida ao alumnado e avisámoslles das vindeiras actividades do curso.</p> <p>No <b>Foro de dúbidas</b> poden deixar as consultas e suxestións que queiran, e responder tamén ás dos compañeiros.</p>
<b>Actividades iniciais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Guía de traballo para o estudante</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Enquisa inicial <b>(obrigatoria)</b></li> <li>✓ Test de coñecementos previos <b>(obrigatorio)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Baixa</li> <li>✓ Media</li> </ul>	<p>Estas <b>actividades</b> determinan o seu punto de partida, que é o que xa saben e en que medida o curso se adapta ás súas necesidades.</p>
<b>MÓDULO 1</b>  Que necesito aprender e para que	1.3 As competencias en información (ClcD)  1.2 Xestión do tempo	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Vídeo: As CI e a empregabilidade <b>(obrigatorio)</b></li> <li>✓ Foro temático <b>(obrigatorio)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Baixa</li> <li>✓ Baixa</li> </ul>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é que o alumnado recoñeza a importancia que ten a adquisición das <b>competencias informacionais/dixitais</b> e de <b>xestionar o tempo</b> de estudio e traballo.</p>
<b>MÓDULO 2</b>  A BUSC e as ferramentas TIC da USC	2.1 Coñecendo a biblioteca universitaria (BUSC) 2.2 Recursos TIC da USC á túa medida <u>Anexos:</u> 2.2.1 Anexo Titorial SIR	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Exercicio 2 <b>(obrigatorio)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Media</li> </ul>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é afondar no coñecemento dos <b>recursos de información</b> e dos <b>servizos</b> que a <b>USC</b> pon á disposición da comunidade universitaria, a través da web da BUSC e das TIC, tendo en conta que hai moito alumnado de Posgrao que chega desde outras universidades.</p>
<b>MÓDULO 3</b>  Buscar información	<u>PARTE 1</u>  3.1 As fontes de información 3.2 O proceso de busca de información	<u>PARTE 1</u>  <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Exercicio 3.1 <b>(obrigatorio)</b></li> <li>✓ Exercicio 3.2 <b>(obrigatorio)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Alta</li> <li>✓ Media</li> </ul>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é que recoñezan os distintos tipos de <b>fontes de información</b> e comprendan a importancia de planificar correctamente as <b>buscas</b>, especialmente orientadas á <b>investigación</b>. Practicarán coas ferramentas para localizar información no catálogo da BUSC, nas bases de datos e na Internet.</p>

	<p><u>PARTE 2</u></p> <p>3.3 Buscar na web da BUSC 3.4 Buscar en internet</p> <p><u>Anexos:</u> 3.2.1 Infografía operadores 3.3.1 Guía do catálogo da BUSC 3.4.1 Buscar información na Internet 3.4.2 Titorial Dialnet</p>	<p><u>PARTE 2</u></p> <p>✓ Exercicio 3.3 (<b>obligatorio</b>) ✓ Exercicio 3.4 (<b>obligatorio</b>)</p>	<p>✓ Media ✓ Media</p>	<p>Os <b>exercicios</b> dirixidos ao alumnado de Doutoramentos son de dous tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Cuestionarios teóricos</b>, cos que se comproba a asimilación dos contidos do curso</li> <li>- <b>Exercicios prácticos</b>, cos que demostran a súa capacidade de aplicar o aprendido</li> </ul> <p>Normalmente cada módulo inclúe, a lo menos, un exercicio de cada tipo.</p>
<p><b>MÓDULO 4</b></p> <p>Avaliar e organizar a información</p>	<p>4.1 Avaliar a información 4.2 Organizar a información</p> <p><u>Anexos:</u> 4.2.1 Importar referencias desde Iacobus e bases de datos da BUSC</p>	<p>✓ Exercicio 4.1 (<b>obligatorio</b>) ✓ Exercicio 4.2 (<b>obligatorio</b>)</p>	<p>✓ Baixa ✓ Media</p>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é que os doutorandos adquiren a competencia para <b>avaliar</b> a información atopada e <b>seleccionar</b> a que mellor se adecúe ás súas necesidades. Cómpre que aprendan a <b>organizar</b> a información e a <b>xestionala</b> coa axuda das ferramentas informáticas existentes.</p>
<p><b>MÓDULO 5</b></p> <p>Tratar a información.</p> <p>O Traballo de investigación</p>	<p>5.1 Planeamento dun traballo de investigación 5.2 Estrutura e redacción 5.3 Uso e tratamento de información. Citar e redactar referencias bibliográficas</p> <p><u>Anexos:</u> 5.3.1 Inserir citas e referencias desde Word 5.3.1 Inserir citas e referencias co Write-N-Cite</p>	<p>✓ Exercicio 5.1 (<b>obligatorio</b>) ✓ Exercicio 5.2 (<b>obligatorio</b>)</p>	<p>✓ Media/Alta ✓ Media</p>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é que o alumnado sexa capaz de elaborar a súa tese e escritos académicos a <b>metodoloxía científica</b> propia da Universidade, e que comprendan a importancia de facer un uso responsable, ético e legal da información que se utiliza, <b>citando</b> e <b>redactando as referencias</b>.</p>
<p><b>MÓDULO 6</b></p> <p>Comunicar e difundir a</p>	<p>6.1 Comunicar a información 6.2 Difundir a información</p>	<p>✓ Exercicio 6.1 (<b>obligatorio</b>)</p>	<p>✓ Media</p>	<p>O <b>obxectivo</b> deste módulo é que coñezan as ferramentas fundamentais para <b>presentar traballos</b></p>

información	6.3 Compartir os resultados da investigación  <u>Anexos:</u> 6.3.1 Beneficios do Acceso Aberto 6.3.2 Infografía Mandato OA e dereitos de autor (REBIUN) 6.3.3 Infografía Ciencia aberta (REBIUN) 6.3.4 Autorización Minerva TFM	✓ Exercicio 6.2 ( <b>obligatorio</b> ) ✓ Participación no foro temático	✓ Media ✓ Media	<p>académicos e aprendan a <b>difundir e compartir información</b> a través de redes sociais, xestionando correctamente a súa <b>identidade dixital</b> e salvagardando á túa intimidade e os teus dereitos de autor. Cómpre tamén que coñezas o movemento de <b>acceso aberto</b> á información e o seu impacto na <b>visibilidade</b> científica.</p> <p>No <b>foro temático</b> falaremos do <b>plaxio</b> e aplicamos o aprendido a través dun debate.</p>
<b>Actividades finais</b>		✓ Práctica avaliación revistas ( <b>voluntaria</b> ) ✓ Enquisa de satisfacción ( <b>obligatoria</b> )	✓ Alta ✓ Baixa	<p>A <b>práctica de avaliación de revistas</b> serve para afianzar os coñecementos que adquiridos ao longo do curso. Trátase de aplicar o aprendido e verlle o sentido práctico. É voluntaria, debido á carga de traballo deste alumnado.</p> <p>O obxectivo da <b>Enquisa de satisfacción</b> é coñecer o seu grao de satisfacción co curso. É totalmente <b>anónima</b> e nos axuda a coñecer as súas necesidades reais.</p>

Cómpre sinalar que entre 2012 e 2015, estes cursos desenvolvéronse a través da [Aula Cesga](#) (plataforma *Chamilo*), mentres que a partir do curso 2016-2017, emprégase o [Campus Virtual da USC](#) (plataforma *Moodle*). Este feito, -xunto á integración das actividades formativas nas guías docentes das materias-, favoreceu, como veremos a continuación, o incremento do número de estudantes formados en CI.

### 3. Integración da formación en CI nas titulacións de Grao

A Comisión mixta CRUE-TIC y REBIUN, no seu documento "[Competencias informáticas e informacionais \(CI2\) en los estudios de grado](#)" (2012), sinala como posibles formas de integración as seguintes :

- Unha **materia específica** sobre os contidos CI que sexa obrigatoria para todas as titulacións.
- **Integración** destes contidos nas materias.
- **Recoñecemento** das competencias obtidas externamente e por organismo acreditado.
- Que non forme parte do plan de estudos, pero que se incorpore no **suplemento ao título** do estudante.

Na actualidade, na USC conviven varias destas formas de integración, xa que o alumnado pode, por exemplo, solicitar que se fagan constar os cursos CI realizados no [Suplemento Europeo ao título](#), "*documento que engade información ao título obtido mediante unha descrición da natureza do mesmo, do seu nivel, contido e coñecementos alcanzados polo estudante, (...) co obxectivo de facilitar a terceiros información sobre os coñecementos e as capacidades adquiridas polos estudantes*".

Doutra banda, ao abeiro do artigo 12.8 do *Real Decreto 1393/2007, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais*, a USC aprobou una serie de acordos e resolucións sobre o recoñecemento de créditos nos estudos de Grao, que veñen de ser refundidos no último [Acordo de Consello de Goberno de 5 de xullo de 2016](#). Esta norma integra as competencias informáticas xunto coas informacionais co fin de que o alumnado poida obter a acreditación CI2 conforme o establecido nas orientacións da CRUE. A Biblioteca Universitaria está traballando neste momento para dar cumprimento aos requisitos esixidos no apartado 6.2 deste Acordo, e acadar, así, o recoñecemento de créditos ECTS polos cursos CI2.

Entre tanto, a forma de integración das CI nos títulos de Grao da USC que demostrou ser máis efectiva foi a súa inserción na Guía docentes dunha das materias obrigatorias de primeiro curso de Grao (para o nivel básico) e de cuarto curso (para o avanzado).

Así, **no caso das titulacións de Economía e ADE e desde o curso 2015-2016**, unha das materias obrigatorias de 1º curso de ambos os dous Graos, integran a formación en CI de nivel básico na [guía docente](#), requirindo o certificado de aptitude no curso como parte da avaliación da materia. O mesmo ocorre cunha das materias de 4º curso de Grao de ambas titulacións para o nivel avanzado. Isto foi determinante no incremento de alumnado formado en CI.

Doutra banda, o método de matriculación do alumnado na aula BUSC do Campus Virtual realizase desde a ATIC, inscribindo por defecto nos cursos CI a todo o alumnado que estea matriculado na materia do grao á que están vinculados estes cursos (na plataforma anterior da Aula Cesga, o estudante debía facer este paso, polo que moitos deles xa nin o intentaban). Isto contribuíu tamén ao incremento de alumnado.

A continuación presentamos as estatísticas relativas á situación da formación en CI no noso centro. Os datos móstranse por nivel formativo (básico, avanzado e experto ou especialización), titulación e curso académico.

#### 4. Presentación de resultados

##### a. NIVEL BÁSICO

ADE Básico	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	TOTAL 2012-2016
Matrícula oficial	237	237	251	277	278	352	1632
Matrícula CI2/CIcD	86	42	19	72	56	263	538
Nº estudantes que finalizan o curso	66	33	16	44	43	208	410
Nº estudantes aptos	66	33	14	40	43	184	380
Nº estudantes non aptos	0	0	2	4	0	24	30
Nº estudantes abandonan o curso	20	9	3	28	13	55	128
Profesorado do Grao asistente ao curso	3	2	0	0	0	3	--
Nº de titores/as	2	1	1	1	1	1	--
Nota media do curso	6,4	6,7	5,8	5,1	6,8	8,8	--
Porcentaxe participación	36%	18%	8%	26%	20%	75%	33%
Porcentaxe abandono	23%	21%	16%	39%	23%	21%	24%
Porcentaxe alumnado apto dos que finalizan o curso	100%	100%	87,5%	91%	100%	88%	92,7%
Porcentaxe alumnado apto do total de estudantes	27%	14%	6%	14%	15%	52%	23%

#### Comentarios á táboa

- A primeira vez que se ofreceu o curso (2011/2012) tivo unha boa acollida se a comparamos cos anos seguintes (ata 2015/2016). Así, nese primeiro curso académico, a **porcentaxe de participación** (alumnos que se matricularon no curso CI, respecto dos matriculados oficialmente na materia do Grao) foi do **36%**, sendo peza chave á

novidade da proposta, á campaña publicitaria que se lle deu desde os servizos centrais da BUSC, e ao apoio recibido polo profesorado e polo Decanato do centro.

- Nos cursos intermedios, entre o segundo e o derradeiro curso 2016/2017, a porcentaxe de participación caeu e remontou de xeito intermitente. Pero no curso 2016/2017 aumenta exponencialmente ata alcanzar o **75% de participación**. Pensamos que o éxito debeuse, en parte, ao cambio de plataforma xa mencionado pero, sobre todo, á inclusión dos cursos CI nas guías docentes - no caso de ADE, na materia “Historia económica”-. O seu profesorado sempre tivo unha actitude colaborativa coa Biblioteca, poñendo en valor a formación ofrecida e a relevancia da adquisición das CI por parte do alumnado. Esta actitude é fundamental na apreciación do alumnado respecto da formación ofrecida pola Biblioteca, e fomenta á súa participación e aproveitamento, xa que acadar o apto no curso supón ata un 0’5 da nota da propia materia.
- A **porcentaxe de alumnado formado (apto)** no quinquenio 2012-2016 é do **23%** da matrícula oficial (380 estudantes de 1632), mais este dato está influído pola baixa participación que se deu entre o curso 2012/2013 e o 2015/2016. Se miramos a porcentaxe de alumnado que acadou o apto unha vez que o curso foi incluído na guía docente, vemos que se eleva ao **52%** (184 estudantes de 352).
- Outro dato interesante é a porcentaxe de **abandonos**, cunha media do **24%**, e que pode deberse a varias causas, entre elas, a excesiva carga de traballo da que se queixa recorrentemente o alumnado. Para paliar, tratamos de ofertar a formación a principios de cada cuatrimestre. Outra causa pode ser a densidade dos contidos do curso, da que tamén se queixan a través da Enquisa de satisfacción. No presente curso 2016/2017 déuselle un novo formato aos contidos, mais parece que aínda lles falta dinamismo ou interactividade, xa que o alumnado pide máis vídeos e exercicios de carácter práctico, elementos que se irán integrando nos vindeiros cursos.





Gráfico sobre o grau de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado

Un elemento incluído nos cursos e que nos permite coñecer a valoración que o alumnado fai dos seus diferentes aspectos, é a **Enquisa final de satisfacción**. Toda as preguntas, se ben en diferente grao, deixan unha valoración positiva do curso. Amosamos como exemplo os resultados das respostas á pregunta sobre o grao de cumprimento dos obxectivos do curso. A ponderación vai de 0 a 5, onde 0-2: indica un grao baixo ou moi baixo; 3: grao suficientemente satisfactorio; 4-5: grao alto ou moi alto de satisfacción.

CURSO	Nº Enquisas cubertas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2011-2012	59	0,39%	30,51%	66,10%
2012-2013	28	7,14%	32,14%	60,72%
2013-2014	12	0%	41,67%	58,33%
2014-2015	37	5,41%	24,32%	70,27%
2015-2016	36	11,12%	30,56%	58,33%
2016-2017	142	11,27%	35,21%	53,52%
<b>2011-2017</b>	<b>314</b>	<b>5,89%</b>	<b>32,40%</b>	<b>61,21%</b>

Como se aprecia nesta táboa, no quinquenio 2011-2017, unha media do **61%** do alumnado considera que os obxectivos do curso cumpríronse con un grao de satisfacción alto ou moi alto, un **32%** con un grao suficiente e só un escaso **6%** manifesta non ver cumpridos os obxectivos do curso.



Debemos puntualizar que a pregunta que se lles fixo no curso 2016-2017 variou levemente. Ata ese momento a pregunta foi “Cres que se lograron os obxectivos do curso?”, mentres que a partir dese ano, a pregunta foi “En que grao este curso cumpriu as túas necesidades de formación ?” Entendemos que non é exactamente o mesmo e por ese motivo queremos deixar constancia do cambio.

De novo, a baixa participación nos cursos intermedios do quinquenio, afecta a este gráfico, xa que os datos son máis representativos canto maior é a mostra recollida.

A Enquisa de satisfacción permítenos, ademais, extraer as seguintes **conclusións xerais**, (aplicables ao alumnado de ADE e Economía -xa non as repetiremos no seguinte apartado):

- O 70 % do alumnado considera que o curso de nivel básico se adaptou ás súas necesidades de formación nun grao alto ou moi alto.
- O alumnado expresa, nun 75%, un grao alto ou moi alto de satisfacción cos contidos do curso, e nun 81% coa atención recibida por parte dos titores.
- Case o 70% do alumnado considera o curso útil ou moi útil para a súa formación na xestión da información.
- Máis do 70% opina que o curso é útil ou moi útil para o coñecemento dos recursos de información.
- O 67% pensa que o curso é útil ou moi útil para a súa formación académica e profesional.
- Case o 77% do alumnado está de acordo ou moi de acordo en recomendar o curso aos seus compañeiros.
- Nos comentarios libres da enquisa varios asistentes expresan a necesidade que se ofrezan clases prácticas presenciais.


ECONOMÍA Básico	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	TOTAL 2012-2016
Matrícula oficial	285	211	236	232	235	196	<b>1395</b>
Matrícula CI2/CIcD	180	47	32	22	78	75	<b>434</b>
Nº estudantes que finalizan o curso	158	34	27	8	62	48	<b>337</b>
Nº estudantes aptos	158	34	27	8	57	38	<b>322</b>
Nº estudantes non aptos	0	0	0	0	5	10	<b>15</b>
Nº estudantes abandonan o curso	22	13	5	14	14	27	<b>95</b>
Profesorado do Grao asistente ao curso	3	1	0	0	1	3	--
Nº de titores/as	2	1	1	1	1	1	--
Nota media do curso	6,9	6,3	6,6	5,7	6,7	8,6	--
Porcentaxe participación	<b>63,16%</b>	<b>22,27%</b>	<b>13,56%</b>	<b>9,48%</b>	<b>33,19%</b>	<b>38,27%</b>	<b>31,11%</b>
Porcentaxe abandono	<b>12,22%</b>	<b>27,66%</b>	<b>15,63%</b>	<b>63,64%</b>	<b>17,95%</b>	<b>36,00%</b>	<b>21,89%</b>
Porcentaxe alumnado apto dos que finalizan o curso	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>91,94%</b>	<b>79,17%</b>	<b>95,55%</b>
Porcentaxe alumnado apto do total de estudantes	<b>55,44%</b>	<b>16,11%</b>	<b>11,44%</b>	<b>3,45%</b>	<b>24,26%</b>	<b>19,39%</b>	<b>23,08%</b>

### Comentarios á táboa

- Vemos que para a titulación de Economía repítese a boa acollida da primeira edición do curso CI, cunha porcentaxe de participación do **63%** (dobrando á de ADE).
- Nos seguintes cursos atopamos os mesmos picos descendentes e ascendentes que en ADE, cun novo repunte a partir do curso académico 2015/2016, que continúa ascendendo no curso 2016/2017, alcanzando **case o 40%**, pero quedando lonxe do 75% de participación que se deu en ADE nese curso. Pensamos que a causa pode ser que a formación CI foi integrada na materia do **2º cuatrimestre** “Estrutura económica mundial I”, cando o seu desenvolvemento ten lugar no 1º cuatrimestre. Isto dificulta que a información da convocatoria chegue ben ao alumnado xa que o medio empregado é o Campus Virtual, cuxa mensaxería chega a través do **correo institucional**, que o alumnado de 1º non ten costume de utilizar. A pesar de que a Biblioteca conta coa colaboración do profesorado da materia do 1º cuatrimestre “Contabilidade xeral I” para a presentación do curso CI durante a propia presentación da materia (o primeiro día de clase), e nos consta que lles fan chegar aos estudantes a información acerca do inicio do mesmo, pensamos que ao non ser esta a materia vinculada ao curso, o alumnado non prevé a súa importancia e non perciben a

vinculación desta formación coa materia do 2º cuatrimestre (momento en que a demandan, polo que se ofrece de novo).

- A **porcentaxe de alumnado formado (apto)** no quinquenio 2012-2017 tamén foi do **23%** da matrícula oficial (322 estudantes de 1395), mais este dato volve estar influído pola baixa participación. Se miramos a porcentaxe de alumnado que acadou o apto unha vez que o curso foi incluído na guía docente da materia, vemos que é do **19%** (38 estudantes de 196), en contraposición ao **52%** de aptos de ADE, o que nos fai darnos conta da importancia de que o curso CI se realice no mesmo cuatrimestre que a materia á que está vinculada.
- No caso de Economía, a porcentaxe de **abandonos** no último curso foi do **36%** (fronte ao **21%** de ADE, e tamén do promedio do quinquenio), o que volve resaltar a importancia do momento en que se realiza a formación. A isto hai que sumarlle a carga de traballo e a densidade dos contidos do curso CI, do que tamén se queixa o alumnado desta titulación.




*Gráfico sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado*

Respecto da valoración que o alumnado de Economía fixo dos cursos a través da **Enquisa final de satisfacción**, vemos que en resposta á pregunta sobre o grao de cumprimento dos obxectivos do curso, os datos foron os seguintes.

CURSO	Nº Enquisas cubertas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2011-2012	132	5,31%	29,55%	65,15%
2012-2013	24	0%	37,50%	62,50%
2013-2014	24	0%	45,83%	54,17%
2014-2015	7	0%	42,86%	57,15%
2015-2016	33	0%	25,00%	75,00%
2016-2017	34	11,76%	41,18%	61,76%
<b>2011-2017</b>	<b>254</b>	<b>2,85%</b>	<b>36,15%</b>	<b>62,62%</b>

Como se aprecia nesta táboa, no quinquenio 2012-2017, unha media de case o **63%** do alumnado de Economía considera que os obxectivos do curso cúmprense cun grao de satisfacción alto ou moi alto, un **36%** cun grao suficiente e só un escaso 3% manifesta non ver cumpridos os obxectivos do curso.



Como no caso de ADE, debemos recordar que a pregunta que se lles fixo no curso 2016-2017 variou levemente e que, de novo, a baixa participación nos cursos intermedios do quinquenio, afecta a este gráfico, xa que os datos son máis representativos canto maior é a mostra recollida. As conclusións xerais da Enquisa de satisfacción coinciden coas da titulación de ADE, polo que xa non repetimos aquí os datos extraídos.

## b. NIVEL AVANZADO

Os cursos de nivel avanzado, dirixidos á elaboración do Traballo de Fin de Grao, comezaron a ofrecerse na Biblioteca de CC. Económicas e Empresariais no curso 2014-2015, pero non foi ata o curso 2016-2017 que se integraron nas materias de 4º “Investigación comercial” (ADE), “Sistema informativo contable” (ADE) e “Política económica II” (Economía), supoñendo este feito un importante incremento no número de alumnado formado en CI no noso centro.


ADE Avanzado	2014/2015	2015/2016	2016/2017	TOTAL 2014-2016
Matrícula oficial	309	190	310	809
Matrícula CI2/CIcD	5	62	114	181
Nº estudantes que finalizan o curso	5	46	86	137
Nº estudantes aptos	5	46	85	136
Nº estudantes non aptos	0	0	1	1
Nº estudantes abandonan o curso	0	16	28	44
Profesorado do Grao asistente ao curso	0	1	1	--
Nº de titores/as	1	1	1	--
Nota media do curso	6,3	6,4	9,1	--
Porcentaxe participación	2%	33%	37%	22%
Porcentaxe abandono	0%	26%	25%	24%
Porcentaxe alumnado apto dos que finalizan o curso	100%	100%	99%	99%
Porcentaxe alumnado apto do total de estudantes	2%	24%	27%	17%

### Comentarios á táboa

- O primeiro que chama a atención é o escaso éxito da convocatoria entre o alumnado de 4º curso de ADE no seu ano de lanzamento (2014/2015), tendo unha porcentaxe de participación do **2%**. Isto debeuse a varias causas, entre elas a data en que se ofertou o curso (abril de 2015), xa que nese momento o alumnado está sobrecargado de traballo e a maioría xa leva avanzado o seu TFG, polo que xa non podiamos atender ás súas necesidades. A segunda das causas foi que o curso se realizaba a través da Aula Cesga, e o alumnado debía inscribirse na plataforma, feito que cambiou no curso 2016/2017, no que comezamos a ofrecelo a través do Moodle, elevando a porcentaxe de participación ao 37%. No curso 2015/2016, o curso realizouse tamén a través da Aula Cesga, pero nunha data máis convinte (novembro de 2015), e a porcentaxe de participación foi do 33%. Segundo os comentarios do alumnado na Enquisa de satisfacción, o mellor momento para lanzar o

curso é no mes de setembro ou outubro, no que aínda non teñen tanta carga de traballo, dato que teremos en conta para futuras convocatorias, coa esperanza de aumentar a participación do alumnado. O fracaso da primeira convocatoria do curso baixa a media de participación ao 22%.

- Aínda que é certo que a porcentaxe de participación do alumnado sufriu un importante incremento no último curso académico (do 2 ao 37%), non podemos deixar de sinalar que segue sendo baixo, sobre todo se o comparamos coa participación acadada para o nivel básico no mesmo período e titulación (que foi do 75%).
- Mentres no nivel básico pásase do 28% do alumnado que supera o curso no seu primeiro ano de oferta, a máis do 50% no último ano, no nivel avanzado pásase do 2% ao 27%,
- Respecto da taxa de abandono, no nivel básico mantense nunha media do 24% , mentres que no nivel avanzado pasou do 0% ao 25% en tres anos. Mais este dato debemos analízalo con cautela, xa que no primeiro ano a participación foi tan escasa que non deu lugar a un elevado número de abandonos, polo que a media do 25% podería ser normal. Deberemos agardar a vindeiras sesións do curso para obter unha conclusión máis clara.



*Gráfico sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado*

As **conclusións** xerais extraídas da Enquisa de satisfacción para o nivel avanzado, aplicables a ADE (e tamén a Economía, polo que non as repetiremos), son as seguintes:

- O 75 % do alumnado considera que o curso se adaptou ás súas necesidades de formación nun grao alto ou moi alto (fronte ao 70% no nivel básico).
- O alumnado expresa, nun 75%, un grao alto ou moi alto de satisfacción cos contidos do curso (igual ca no nivel básico), e nun 78% coa atención recibida por parte dos titores (fronte ao 81%).
- Case o 85% do alumnado considera o curso útil ou moi útil para a súa formación na xestión da información (fronte ao 70% no básico)
- Máis do 74% opina que o curso é útil ou moi útil para o coñecemento dos recursos de información (fronte ao 70%)
- O 75% pensa que o curso é útil ou moi útil para a súa formación académica e profesional (fronte ao 67%).
- O 84% do alumnado está de acordo ou moi de acordo en recomendar o curso aos seus compañeiros (frote ao 77% do nivel básico).
- Nos comentarios libres da enquisa varios asistentes expresan a necesidade que se ofrezan clases prácticas presenciais mais, doutra banda, quéixanse da falta de tempo e a sobrecarga de traballo.

Vemos que, en termos xerais, o alumnado de 4º valora máis esta formación ca o alumnado de 1º, xa que ao enfrontarse á elaboración do TFG é cando perciben a necesidade real da adquisición das CI, pasando a consideralas fundamentais para o éxito académico.

Pola súa relevancia, mostramos os resultados para dúas das preguntas desta Enquisa, indicando o nº delas que foron cubertas, xa que no primeiro ano é tan baixo que non é representativo, e no último período duplícase o do anterior:



- 1) En que grao se cumpriron os obxectivos do curso.** Valoración entre 0 e 5, onde 0-2: grao baixo ou moi baixo; 3: grao suficiente; 4-5: grao alto ou moi alto de satisfacción.

CURSO	Nº Enquisas cubertas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2014-2015	4	0%	42,86%	57,15%
2015-2016	41	0%	25,00%	75,00%
2016-2017	82	11,76%	41,18%	61,76%
<b>2014-2017</b>	<b>127</b>	<b>2,85%</b>	<b>36,15%</b>	<b>62,62%</b>

No trienio 2014-2017 case o 63% do alumnado considera que o cumprimento dos obxectivos do curso acadou un grao alto ou moi alto, o 36% un grao suficiente, e só un escaso 3% o considera baixo ou moi baixo.

## 2) Valora o grao de aprendizaxe de novos coñecementos e habilidades informacionais

CURSO	Nº Enquisas cubertas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2014-2015	4	0%	0%	100%
2015-2016	41	2,38%	9,52%	88,09%
2016-2017	82	2,44%	15,85%	81,71%
<b>2014-2017</b>	<b>127</b>	<b>2%</b>	<b>10%</b>	<b>90%</b>



Vemos como no trienio 2014-2017 o **90%** do alumnado de 4º de ADE considera que o curso lle proporcionou unha aprendizaxe de novos coñecementos e habilidades na xestión da información nun **grao alto ou moi alto**, fronte a un 2% que o considera nun grao baixo ou moi baixo.

ECONOMÍA Avanzado	2014/2015	2015/2016	2016/2017	TOTAL 2014-2016
Matrícula oficial	149	165	109	<b>423</b>
Matrícula CI2/CIcD	5	26	78	<b>109</b>
Nº estudantes que finalizan o curso	1	18	61	<b>80</b>
Nº estudantes aptos	1	18	59	<b>78</b>
Nº estudantes non aptos	0	0	2	<b>2</b>
Nº estudantes abandonan o curso	4	7	17	<b>28</b>
Profesorado do Grao asistente ao curso	0	0	1	--
Nº de titores/as	1	1	1	--
Nota media do curso	15,18	63,84	86,08	--
Porcentaxe participación	<b>3,36%</b>	<b>15,76%</b>	<b>71,56%</b>	<b>30,22%</b>
Porcentaxe abandono	<b>80,00%</b>	<b>26,92%</b>	<b>21,79%</b>	<b>42,91%</b>
Porcentaxe alumnado apto dos que finalizan o curso	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>96,72%</b>	<b>98,91%</b>
Porcentaxe alumnado apto do total de estudantes	<b>0,67%</b>	<b>10,91%</b>	<b>54,13%</b>	<b>21,90%</b>

### Comentarios á táboa

- No que respecta ao alumnado de 4º de Economía, vemos que o éxito da convocatoria no seu ano de lanzamento (2014/2015) tamén foi case nulo, tendo unha **porcentaxe de participación** do 3,36%. No curso 2015/2016 vemos que sucede o mesmo que para a titulación de ADE, conseguindo un lixeiro aumento na participación (15,7%), pero non o desexado. Sen embargo, no curso 2016/2017 a participación ascende ao **71%** do alumnado, dando una idea clara da importancia de vincular o curso CI a unha materia propia da titulación e de desenvolvelo a través do Campus Virtual, xa que o alumnado o percibe así como parte integral da súa formación académica, e non como algo complementario.
- Sobre a **porcentaxe de abandono**, vemos que no curso 2014/2015 foi do 80%, o que eleva a media do trienio ao **42,91%**. Sen embargo, vemos que as porcentaxes de abandono dos cursos 2015/2016 e 2016/2017 rondan o promedio habitual de entre o 20 e o 25 % (aprox.)
- Outro dato a destacar é a porcentaxe de alumnado de 4º Economía **formado en CI** en 2016/2017, e que ascendeu ao **54,13%** (fronte ao 27% de 4º de ADE, formado nese período, e ao 19% de nivel básico de Economía, e ao 52% de ADE).
- Se comparamos os **promedios totais** de alumnado formado en CI entre os niveis básico e avanzado da titulación de Economía, vemos que a porcentaxe de aptos no nivel básico é do 23,08% (no quinquenio 2012/2017), e do 22%, para o alumnado de 4º (no trienio 2014/2016). Sen embargo, este dato está influído polas fluctuacións na participación do

alumnado, polo que nos parece máis fiable fixarnos nos avances acadados nos últimos anos.




Gráfico sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado

Respecto da Enquisa de satisfacción lanzada ao alumnado de 4º de Economía, achegamos os datos, tendo en conta o nº de enquisas cubertas, para tratar de darlles o enfoque correcto:

- 1) En que grao se cumpriron os obxectivos do curso.** Valoración entre 0 e 5, onde 0-2: grao baixo ou moi baixo; 3: grao suficiente; 4-5: grao alto ou moi alto de satisfacción.



CURSO	Nº Enquisas cubertas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2014-2015	1	0,00%	100,00%	0,00%
2015-2016	11	9,09%	18,18%	72,72%
2016-2017	55	3,64%	29,09%	67,27%
<b>2014-2017</b>	<b>67</b>	<b>6,37%</b>	<b>23,64%</b>	<b>70,00%</b>

Nesta táboa observamos que só unha persoa respondeu á Enquisa no curso 2014/2015, polo que o dato non é representativo e non foi tido en conta no cálculo dos promedios. Así, podemos afirmar que o 70% do alumnado de 4º de Economía considera que se cumpriron os obxectivos do curso nun grao alto ou moi alto, e só un escaso 6% o considera baixo ou moi baixo.

**2) Valora o grao de aprendizaxe en novos coñecementos e habilidades informacionais**

CURSO	Nº Enquisas cubertas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
<b>2014-2015</b>	1	0%	100%	0%
<b>2015-2016</b>	11	9,09%	9,09%	81,81%
<b>2016-2017</b>	55	0,00%	25,45%	74,55%
<b>2014-2017</b>	<b>67</b>	<b>5%</b>	<b>17%</b>	<b>78%</b>

Neste caso debemos, como no anterior, obviar os resultados do curso 2014-2015, xa que só unha persoa respondeu á enquisa. Así, podemos dicir que o 78% do alumnado de 4º de Economía considera que adquiriu novas CI nun grao alto ou moi alto, e só un 5% considera que as adquiriu nun grao non satisfactorio.



### **c. NIVEL EXPERTO ou de ESPECIALIZACIÓN**

Tal como adiantamos no apartado de descrición dos cursos, a Biblioteca desenvolveu tamén esta formación para o alumnado do Máster DEIN e do Programa de Doutoramento en Economía e Empresa baixo demanda do seu profesorado, sendo no curso 2014/2015 a primeira vez que foi solicitado. Nos primeiros cursos 2014/2015 e 2015/2016, empregouse a Aula Cesga como plataforma de formación, pasando a impartirse no Campus Virtual no curso 2016/2017, ao igual que os cursos de nivel básico e avanzado.

Cabe sinalar que existen importantes diferenzas entre as necesidades do alumnado de Máster e de Doutoramento, xa que sendo todos eles estudantes de Posgrao, o nivel de profundidade que se esixe no eido da investigación é moito maior para os doutorandos. A pesares disto, o curso deseñouse de forma conxunta porque, dunha banda, así o pediu o seu profesorado, -xa que imparte materia en ambas as dúas titulacións- e, doutra, porque no momento en que foi solicitado á Biblioteca do centro, esta non dispoñía de recursos suficientes para desenvolvedo separadamente (situación que se mantén). Mais o ideal sería poder ofrecer para o alumnado de Máster un curso de nivel superior ao avanzado pero inferior ao experto, e reservar o de nivel experto para o de Doutoramento (e o PDI que puidera estar interesado).

Cómpre subliñar que as necesidades específicas do alumnado de Posgrao respecto das CI fan desta unha formación imprescindible para eles, dado que algúns elementos tales como evitar o plaxio, citar correctamente, facer buscas fiables nas fontes, organizar a información, elaborar unha boa bibliografía, etc., son parte ineludible para superar o TFM ou a tese, e acadar así o título correspondente.

Podemos dicir que a necesidade da súa introdución na guía docente, obrigatoriedade e/ou recoñecemento como actividade formativa dentro da titulación, fanse igualmente necesarias para asegurar a participación do alumnado, xa que motivalo é fundamental se temos en conta a súa carga de traballo. Mais cómpre destacar que o respaldo do profesorado a esta formación foi determinante, facendo que o alumnado percibira a importancia da adquisición das CI como competencias vinculadas á propia titulación.

Para finalizar, gustaríanos destacar que no curso 2016/2017 cambiou o deseño das probas requiridas para a superación do curso, pasando do formato de cuestionario ao de tarefa. Este tipo de exercicio require que o estudante demostre que é capaz de por en práctica o aprendido e, a pesar de que leva asociada unha carga de traballo moito maior para o docente-bibliotecario e para o alumno/a, tamén demostra ser moito máis efectiva nunha

aprendizaxe para toda a vida, tal como esixe o EEES, ademais de elevar o grao de confianza do alumnado respecto das competencias adquiridas.

Este é o resumo dos resultados acadados:

Nivel experto	2014/2015	2015/2016	2016/2017	TOTAL 2014-2017
Matrícula oficial	70	85	100	255
Matrícula CI2/CIcD	24	21	26	71
Nº estudantes que finalizan o curso	22	17	16	55
Nº estudantes aptos	22	17	16	55
Nº estudantes non aptos	0	1	0	1
Nº estudantes abandonan o curso	2	3	10	15
Profesorado da titulación asistente ao curso	2	1	1	--
Nº de titores/as	1	1	1	--
Nota media do curso	78,16	56,5	58,67	--
Porcentaxe participación	34,29%	24,71%	26,00%	28,33%
Porcentaxe abandono	8,33%	14,29%	38,46%	20,36%
Porcentaxe alumnado apto dos que finalizan o curso	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Porcentaxe alumnado apto do total de estudantes	31,43%	20,00%	16,00%	22,48%

### Comentarios á táboa

- Falando en termos relativos, vemos que a **porcentaxe de participación** descendeu do 34 ao 24% entre o primeiro e o segundo ano, elevándose levemente ao 26% na terceira convocatoria. A pesar de que a participación aumentou no último período, tamén o fixo o nº de abandonos, polo que a **porcentaxe de alumnado apto do total de estudantes**, foi decaendo do 31 ao 16%.
- O **aumento constante do nº de abandonos** dun período a outro fainos pensar no nivel de dificultade na adquisición das CI a nivel experto como causa principal. Para superar o curso se esixen unha serie de probas que requiren de tempo e esforzo que, a maioría das veces, o estudante percibe non lle pode dedicar, sen darse de conta da rendibilidade que obterá desta inversión. Neste sentido, parécenos fundamental que o profesorado valore a superación deste curso como parte da avaliación dunha das materias da titulación, ou ben, se inclúa esta formación como actividade obrigatoria para acadar o título. Isto último sería o ideal se se pretende formar en CI ao 100% do alumnado de Posgrao, o que nos parece imprescindible (e tamén ao alumnado que finaliza o curso da Biblioteca, e así o manifesta nas Enquisas).

Respecto das **Enquisas de satisfacción**, cómpre destacar os seguintes datos:

Obxectivos do curso	Nº Enquisas cubertas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2014-2015	22*	0,00%	0,00%	100,00%
2015-2016	11	0,00%	45,45%	54,55%
2016-2017	11	0,00%	27,27%	72,73%
<b>2014-2017</b>	<b>44</b>	<b>0,00%</b>	<b>24,24%</b>	<b>75,76%</b>



\*O dato do nº de enquisas para o curso 2014/2015 é estimado (baseado no nº de aptos).

O grao en que o alumnado percibiu que se **cumpriron os obxectivos do curso** neste trienio foi satisfactorio ou moi satisfactorio para máis do 75% dos estudantes.

Novos coñecementos CI	Nº Enquisas cubertas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2014-2015	22*	4,00%	12,00%	84,00%
2015-2016	11	9,09%	27,27%	72,73%
2016-2017	11	9,09%	18,18%	81,82%
<b>2014-2017</b>	<b>44</b>	<b>7%</b>	<b>19%</b>	<b>80%</b>

\*O dato do nº de enquisas para o curso 2014/2015 é estimado (baseado no nº de aptos).



Respecto das **habilidades adquiridas para traballar coa información**, o 80% dos estudantes considerase mellor formado nun grao alto ou moi alto.





Percíbese un aumento considerable no nivel de satisfacción do alumnado dun período a outro, o que nos anima a seguir traballando para reducir o nº de abandonos, e que o noso alumnado de Posgrao consiga, a través da adquisición desta competencias, resultados máis competitivos nos seus escritos académicos e na súa vida profesional.

## 5. Conclusións

A partires dos datos estatísticos analizados, resumidos nestas gráficas, podemos extraer as seguintes conclusións:





- A **participación** incrementouse en ambas titulacións e niveis no curso 2016/2017, o que indica que a vinculación desta formación á unha materia da titulación e o seu desenvolvemento a través do Campus virtual foron elementos positivos para acadalo. A capacidade do profesorado para transmitir ao alumnado a importancia das CI é tamén peza chave.
- A porcentaxe de **abandono** ronda o 25% de media en ambos niveis e titulacións. A Biblioteca, coa colaboración do profesorado, debe traballar nas súas causas e tratar de reduci-lo ao máximo posible, establecendo unha axenda favorable para o alumnado e estudando as propostas que se reciban a través das Enquisas de satisfacción.

- A porcentaxe de **alumnado apto**, respecto do total de estudantes de ambas titulacións, continúa a ser moi baixo para os dous niveis (en torno ao 20% de media), pero nos dous últimos cursos vemos un crecemento positivo, que agardamos poder seguir elevando.
- Existe un grande descoñecemento das CI, acompañado dun enorme interese pola súa adquisición, unha vez se descubre a súa utilidade (un alto porcentaxe do alumnado recomendaría o curso aos seus compañeiros -concretamente o 77% do nivel básico, o 84% do nivel avanzado, e o 80% do experto). Por este motivo, a Biblioteca deste centro tratará de **promover e difundir** os contidos desta formación entre a comunidade á que atende, e traballará coas autoridades competentes para lograr que a totalidade dos seus usuarios acadese estas competencias.
- As persoas que realizan os cursos outorgan unha alta utilidade aos coñecementos e habilidades adquiridas, de cara á súa **formación académica e ao desenvolvemento profesional futuro**. A USC como institución, e as persoas responsables da xestión dos centros como parte da mesma, deben tomar consciencia deste feito e promover as accións necesarias para alcanzar o obxectivo de formar en CI ao 100% do alumnado, a curto/medio prazo.

### 5.1. Consideracións do persoal bibliotecario-formador

- ✚ O esforzo da BUSC para acadar este obxectivo carece de sentido sen o respaldo institucional, e non se poderá acadar sen o apoio e colaboración dos equipos decanais dos centros e do profesorado. Polo tanto, faise necesario estreitar a **colaboración entre o profesorado e o persoal bibliotecario-formador**.
- ✚ A literatura profesional sobre as CI, a normativa legal, a nosa experiencia profesional e a opinión do estudiantado recollida nos cursos, demanda a **implantación da formación** en Competencias Informacionais dun xeito estable nos estudos de Grao, nos niveis Básico e Avanzado (como mínimo).
- ✚ Todos os estudos de **Máster e Doutoramento** deben incorporar nos seus currículos a adquisición das CI, cun curso de formación de nivel experto ou de especialización.
- ✚ A vía que nós consideramos máis doada, rápida e menos burocrática, e de probada efectividade nestes cinco cursos de experiencia, é a **inclusión na guía docente** dunha materia, acompañada dun **recoñecemento explícito na puntuación final** da mesma ou especificando a súa **obrigatoriedade**. Isto fará que chegue á maioría do alumnado, senón á totalidade do mesmo. Da Enquisa de satisfacción extraemos que unha alta

porcentaxe do alumnado xa considera que esta formación debería ser obrigatoria (especialmente o estudiantado de TFG manifesta a necesidade de adquirir estas competencias desde os primeiros cursos de Grao).

- ✚ A non obrigatoriedade de realizar estes cursos, forza á biblioteca a **repetir contidos** do nivel básico nos niveis avanzado e experto, o que só se poderá evitar no momento en que os tres niveis se convertan en obrigatorios para todo o estudiantado.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018